

"SEMILLA" DE ANIMAL HUMANO

Estela López de Frutos

Qué doce é a vida dentro do ventre materno e neses primeiros intres nos que saímos ó mundo e nos relacionamos con el. Todo canto nos rodea esperta o noso máis profundo interese, calquera ínfima cousa que entre en contacto con nosoutros, é capaz de arrancarnos o máis sincero dos sorrisos. Todo é e dialoga en harmonía, xa que non hai razón, simplemente sentimos, emocionámonos, e o arrepío percorre continuamente o noso corpo, avivando a chama que ilumina a esencia do que somos, a nosa procura vital, e o que nos conforma como seres vivos. Crecemos, sentimos, pensamos, actuamos...; estas son cuestións intrínsecas a nosoutros e acompañannos día tras día, xunto co desenrolo das nosas vivencias, dentro dun marco de construcións, obrigacións sociais e culturais, herdadas tras o percorrido debuxado de séculos de historia. A nosa chama interior vaíse apagando, permanecendo erma e latente no noso interior, esperando a ser percibida ou fecundada, como si dunha semente se tratara, nalgún momento da nosa existencia. E neste punto, é xustamente a mostra "*Semilla de animal humano*", de Estela López de Frutos, un toque de atención que trata de avivala, presentándose como unha pregunta persoal, e ó mesmo tempo universal, acerca da nosa condición humana.

Pasamos de vivir valorando e coidando o natural, a devoralo, a habitar dominados polo continuo e frenético avance da ciencia e da tecnoloxía, dando prioridade a estes últimos, e xunto a eles ó exceso de información e consumo. O orgánico e a falibilidade xa practicamente non teñen cabida no noso entorno, e Estela de Frutos resátaos invitando ó espectador, por medio das dúas obras, ó espertar da súa conciencia.

Vivimos durante anos anestesiados, facéndoo por riba das nosas posibilidades, arrasando coa vida e guiados pola inercia dun sistema aterrador e totalmente insostible. As nosas sociedades creceron construíndose sobre verdadeiros castelos de naipes que se esborrallan continuamente ante os nosos ollos, e condúcenos directamente á "ruína" sen intentar por freo. Estela resalta o valor do natural por medio das pezas que forman parte desta exposición, e así como nos cuestiona o que somos, ofrécenos ó mesmo tempo unha posible resposta, invitándonos a que espertemos o noso "saber" e ofrecéndonos a mostra como unha posible pescuda interior, como un toque de atención ou elemento de cambio que nos axude a reformularnos a nosa posición e coñecemento. "En nos habita a semente da conciencia, depende de cada un desenrolala ou non", sinala a artista madrileña.

E é partindo da metáfora da semente, que De Frutos constrúe nesta ocasión o seu universo simbólico. Nel converxen o físico e o espiritual por medio dun so elemento, o corpo. Este está presente en todas as súas creacións e preséntao inspirado na concepción do filósofo e escritor español *Jorge Riechmann*, acerca da incómoda condición humana como "criaturas da fronteira". A partir desta idea a súa obra propón

seres híbridos a medio camiño entre o animal, o vexetal e o humano. É polo tanto a semente, e máis especificamente a voadora, que é coa que Estela traballa, o xerme no que se encontra o poder do cambio; e poderíamos dicir, que é a principal protagonista desta exposición.

A fragmentación, o xesto, a intuición e un desgarrado máis alentador, máis sutil e delicado que nas súas anteriores mostras; están presentes na serie de obras que dan forma a *esta* selección. Neste conxunto de obra multidisciplinar podémonos encontrar dende collage, debuxo e pintura, pasando pola fotografía e a escultura, ata chegar á instalación e á vídeo-proxección. Ambas pezas dialogan entre si e apodéranse do espazo da galería compostelá A.dFuga, dunha forma agridoce e poética, invitando co seu particular percorrido descrito pola presenza e ausencia de luz no espazo, a que o espectador as descubra. E é que a sensación de coidado que en todas as súas obras se respira, fai que o que nos resulta desconcertante e escuro, se converta en próximo e luminoso, e todo elo dun xeito amable, resaltando por riba de todo os seus valores positivos.

Neste sentido gustaríame resaltar unha das obras que creo que é fundamental e a clave desta mostra, "*Un nuevo vuelo*", obra a medio camiño entre a escultura e o debuxo na que pequenos corpos de paxaros, pombiños caídos do niño xa inertes, son atesourados polas súas mans e parecen recobrar a vida mediante o trazo do lapis que sobre o papel se prostra, permitindo que poidan voar sen habelo feito en vida. E é que "Non hai nada máis triste que nacer paxaro e non chegar nunca a coñecer o vo", indica a súa creadora. Metáfora exemplificadora da relación vital que a nova artista resalta, entre a vida animal e a humana, e que nos fai recordar cal é a nosa posición no mundo. E é que non hai nada máis triste que nacer home e non ter conciencia do que é humano en si. Símil totalmente clarificador do feito no que vivimos dentro de sociedades dirixidas e dominadas polo estres.

¿Somos seres vivos con puntos de conexión? ¿Realmente podemos obviar este feito? Quizais hai algo en nosoutros superior ó racional, e así como podemos ver que isto se esborrala continuamente, o instintivo tamén o fai, provocando pegadas aínda máis profundas en nosoutros. Non obstante hai algo indefinible que lle pertence, que perdura no noso xerme, o cal ¿non deberíamos de coidar para que rebrote e nos permita vivir dunha forma verdadeiramente máis humana? Temos que aprender a escoitalo, a quedarnos en silencio sen que sexa a mente a que nos dirixa. E é que na actualidade xa non queda espazo para o silencio, ¿ou si? ¿Somos realmente capaces de escoitarnos? Fagámolo e veremos que é o que sucede.

Beatriz Suárez Saá

comisaria